

DECRETO DA ALCALDÍA

Iniciado un novo mandato da Corporación que tomou posesión o día 17 de xuño de 2023, e co fin de acadar unha Administración ao servizo da veciñanza é conveniente conferir delegacións xenéricas para a xestión de áreas ou materias determinadas e, no seu caso, delegacións especiais para a cometidos ou asuntos específicos.

En exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Primeiro. Nomear Delegados/as desta Alcaldía, coas facultades de dirección e xestión das áreas e servizos que se indican, aos/as concelleiros/as que se sinalan:

1. Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica: dona Míriam Louzao Fernández, con competencias nas materias de:


- Patrimonio cultural.
- Cultura (Auditorio de Galicia, Teatro Principal e Zona C).
- Memoria Histórica.
- Educación
- Turismo, incluído o relativo á Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA).

Así mesmo, confíreselle unha delegación xeral de sinatura respecto de todas as atribucións da Alcaldía, de conformidade co artigo 12 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Tamén ostentará a Portavocía do Goberno Municipal.

2. Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local: don Manuel César Vila, con competencias nas materias de:

- Planificación económica e financeira, xestión tributaria, xestión orzamentaria e política fiscal.
- Persoal e réxime interno.
- Contratación.
- Arquivo.
- Innovación e informática.



CONCELLO DE SANTIAGO

Tamén se lle delegan as seguintes competencias, dentro do que indiquen as Bases de Execución do Orzamento:


- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
- Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.
- Competencias relativa ao exercicio da responsabilidade patrimonial que corresponden a esta Alcaldía.
- Oficina de información de recursos e fondos, captación de fondos europeos e captación de investimentos industriais.

3. Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude: dona María Rozas Pérez, con competencias nas materias de:

- Promoción económica.
- Comercio.
- Emprego.
- Políticas Sociais, Diversidade, Economía Social, Maiores, Saúde e na Unidade Atención ás Migracións (UAMI).
- Cooperación ao desenvolvemento.
- Xuventude. Orzamentos participativos.

4. Concellaría de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica: don Iago Lestegás Tizón, con competencias nas materias de:

- Urbanismo: planeamento, xestión urbanística, licenzas e disciplina urbanística e aquelas outras que a normativa urbanística lle atribúa á Alcaldía.
- Patrimonio municipal: o exercicio das facultades relativas á súa xestión, protección, conservación e defensa, incluída a formulación de solicitudes, alegacións ou outras actuacións ante persoas ou entidades públicas ou privadas para a súa defensa, debida constancia ou regularización.
- Cidade histórica, vivenda e rehabilitación.
- As relativas ao exercicio da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa representación corresponden á Alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.



CONCELLO DE SANTIAGO

5. Concellaría de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras: don Xesús Manuel Domínguez Domínguez, con competencias nas materias de:


- Medio ambiente. Parques e xardíns.
- Obras promovidas polo Concello e Brigada Municipal de Obras.
- Servizos relativos ao ciclo integral da auga.
- Servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.
- Enerxía.
- Defensa dos dereitos dos animais, incluídas as competencias que lle poidan corresponder á Alcaldía na Fundación Refuxio de Animais.

6. Concellaría de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais: don Xan Xesús Duro Fernández, con competencias nas materias de:

- Mobilidade, incluídos os servizos de guindastre e ORA, e no relativo á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA).
- Policía Local.
- Protección Civil.
- Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias.
- Mercados.
- Coordinación da actividade e funcionamento dos centros socioculturais e a súa dirección, inspección e impulso.

Tamén se lle delegan as seguintes competencias:

- Sancionadora de infraccións cometidas en materia de tráfico e seguridade viaria na vías urbanas do Concello.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadá.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.
- O outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.
- A concesión de licenza para a posta en funcionamento de instalacións eventuais, portátiles ou desmontables e, en xeral, para as pequenas diversións que se dean ao público




CONCELLO DE SANTIAGO

7. Concellaría de Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e UMAD: dona Pilar Lueiro García, con competencias nas materias de:

- Deportes.
- Relacións veciñais.
- Festas.
- Medio Rural.
- Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD).

Segundo. As delegacións conferidas, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, comprenden as seguintes competencias:

- Dirixir, inspeccionar e impulsar as concellarías e os servizos administrativos respectivos.
- Ordenar a tramitación de expedientes, impulsar os procedementos e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Ditar os actos de trámite e resolucións que afecten a terceiros no ámbito das súas delegacións, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre das resolucións asinadas.
- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Cada concelleira/o terá delegación de sinatura para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.
- A celebración de vodas.
- As facultades de representación da Alcaldía para a petición, tramitación e aceptación de subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.
- A orde de expedición e o visto e prace das certificacións que se xeren no seu ámbito de competencia.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- A postestade sancionadora que poida corresponder á Alcaldía dentro do ámbito material das competencias dos concelleiros delegados.
- A facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

2. A sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/nas concelleiros/as será efectuada pola Alcaldesa.

3. As competencias non delegadas serán exercidas por esta Alcaldía, indicándose a título simplificador as de Lingua, Igualdade, Relacións Institucionais, Padrón de Habitantes, Axenda 2030 e a Portavocía da Xunta de Goberno.

Terceiro. Esta resolución substitúe e deixa sen efecto calquera outras delegacións conferidas pola Alcaldía anteriormente.

Cuarto. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2023.

A Alcaldesa,

Goretti Sanmartín Rei.